



1. Identificación da programación

Centro educativo

Código	Centro	Concello	Ano académico
36013448	Manuel Antonio	Vigo	2024/2025

Ciclo formativo

Código da familia profesional	Familia profesional	Código do ciclo formativo	Ciclo formativo	Grao	Réxime
TCP	Téxtil, confección e pel	CD3TCP000100	Patronaxe e moda	Ciclos formativos de grao superior	Réxime xeral-ordinario

Módulo profesional e unidades formativas de menor duración (*)

Código MP/UF	Nome	Curso	Sesións semanais	Horas anuais	Sesións anuais
MP1709	Itinerario persoal para a empregabilidade I	2024/2025	3	107	107
MP1709_12	Prevención de riscos laborais	2024/2025	3	50	50
MP1709_22	Empregabilidade e relacións laborais	2024/2025	3	57	57

(*) No caso de que o módulo profesional estea organizado en unidades formativas de menor duración

Profesorado responsable

Profesorado asignado ao módulo	CARLOS ABELEDO FERNÁNDEZ
Outro profesorado	

Estado: Pendente de supervisión departamento



2. Concreción do currículo en relación coa súa adecuación ás características do ámbito produtivo

O módulo de ITINERARIO PERSOAL PARA A EMPREGABILIDADE I forma parte do currículo de tódolos ciclos formativos que integran a formación profesional regrada; así, a finalidade deste módulo é a de contribuír a que o alumnado coñeza as variables individuais que pode desenvolver ao longo da vida e que redunden na mellora da súa empregabilidade, así como as posibilidades de inserción laboral nunha contorna socioproductiva que, malia estar en constante cambio, debe garantir sempre unhas condicións laborais fundamentadas na normativa laboral e sectorial vixente, da que se pretende que o alumnado sexa coñecedor.

Ao abeiro da Resolución do 10 de xullo de 2024 da Dirección Xeral de Formación Profesional, pola que se ditan instrucións sobre a ordenación e a organización dos graos D e E de formación profesional o módulo profesional de Itinerario persoal para a empregabilidade I, dos ciclos de grao medio e de grao superior, terá como finalidades:

- a) Coñecer as variables individuais que se poden desenvolver ao longo da vida e que contribuírán á mellora da empregabilidade, así como as posibilidades de inserción laboral nunha contorna socioproductiva que, malia estar en constante cambio, debe garantir sempre unhas condicións laborais fundamentadas na normativa laboral e sectorial vixente.
- b) Coñecer os itinerarios formativos e profesionais que axuden ao alumnado a adaptar o proceso de aprendizaxe ás súas vocacións, ás súas necesidades e aos seus intereses propios de cara á súa futura inserción laboral ou para continuar coa súa formación.
- c) Adquirir as competencias necesarias para a desempeño das funcións de nivel básico en prevención de riscos laborais.

En canto a formación en materia de prevención en riscos laborais a Resolución citada anteriormente especifica que:

(...)

2. O módulo profesional de Itinerario persoal para a empregabilidade I, dos ciclos de grao medio e de grao superior, inclúe unha unidade formativa denominada Prevención de riscos laborais, que abranguerá a formación necesaria para a obtención das competencias para o desempeño das funcións de nivel básico en prevención de riscos laborais. Esta unidade formativa terá unha duración de 50 horas.
3. Coa finalidade de que o alumnado dispoña da formación necesaria en materia de prevención de riscos laborais que permita a súa incorporación á formación na empresa, a formación asociada á unidade formativa de Prevención de riscos laborais será impartida ao inicio do curso escolar ao tratarse dun requisito indispensable para a súa incorporación á formación na empresa ou no organismo equiparado.

Por outro lado, adquirense as competencias necesarias para se incorporar ao período de formación na empresa ou organismo equiparado, respectando a normativa de prevención de riscos laborais, e para o desempeño alí das funcións de nivel básico en PRL establecidas na normativa reguladora vixente.

Espérase que esta formación, situada na intersección entre a educación e o mundo laboral, facilite a inserción da xente nova e adulta no mercado de traballo, así como a súa progresión profesional.

As liñas de actuación no proceso de ensino e aprendizaxe que permiten alcanzar os obxectivos do módulo están relacionadas con:

- Uso de distintos métodos que favorezan no alumnado a capacidade de aprender por si mesmo e promovan o traballo en equipo, con perspectiva de xénero.
- A realización de proxectos significativos para o alumnado e a resolución colaborativa de problemas, reforzando a autoestima, a autonomía, a reflexión e a responsabilidade.
- Manexo de diferentes fontes de información para a elaboración de itinerarios formativo-profesionalizadores, en especial no referente ao perfil profesional do ciclo formativo cursado.
- Uso de estratexias para traballar transversalmente a comunicación audiovisual, a competencia dixital e o fomento da creatividade e do espírito científico.



- Desenvolvemento dunha perspectiva teórico-práctica que suscite o coñecemento de xeito gradual e iterativo.
- Estudo das condicións de traballo do sector profesional no que se encadre o ciclo formativo cursado a través do manexo da normativa laboral, dos contratos máis comunmente utilizados e do convenio colectivo de aplicación no sector correspondente.
- Superación de calquera forma de discriminación no acceso ao emprego e no desenvolvemento profesional.
- Análise da normativa de prevención de riscos laborais que lle permita ao alumnado a avaliación dos riscos derivados das actividades desenvolvidas no sector produtivo, así como a colaboración na definición dun plan de prevención para a empresa e das medidas necesarias para a súa posta en práctica.
- Afondamento do alumnado nos contidos e nas competencias de xeito que reforce a súa adquisición progresivamente e sexa quen de empregalos para elaborar os plans que forman o proxecto persoal, académico-profesional e de aproximación á procura activa de emprego.

3. Relación de unidades didácticas que a integran, que contribuirán ao desenvolvemento do módulo profesional, xunto coa secuencia e o tempo asignado para o desenvolvemento de cada unha

U.D.	Título	Descrición	Duración (sesións)	Peso (%)
1	A prevención de riscos laborais: conceptos básicos, normativa e xestión na empresa.	Marco normativo básico e conceptos fundamentais en materia de prevención laboral. A acción preventiva na empresa, as modalidades de organización da prevención. Planificación e documentación da prevención na empresa.	25	20
2	A prevención de riscos laborais: factores de risco e a súa avaliación, medidas de prevención e protección e actuación fronte a emerxencias.	Identificación, clasificación e avaliación dos distintos factores de risco derivados das condicións de traballo. Estudo das técnicas de prevención e protección, así como as sinais de utilización máis frecuente no sector profesional e as técnicas de primeiros auxilios e protocolos de actuación en situacións de emerxencia.	25	20
3	A relación laboral. Modalidades de contratación	A relación laboral. Normas Laborais e Organismos Administrativos e Xurisdiccionais. Dereitos e deberes laborais. Características das modalidades de contratación máis comúns no sector.	12	13
4	O tempo de traballo e a súa remuneración	A xornada de traballo, horario, reducións, horas extraordinarias, permisos, vacacións e plans de igualdade. Cálculo e interpretación do recibo de salarios	12	13
5	Modificación, suspensión e extinción da relación laboral	Causas e efectos da modificación, suspensión e extinción do contrato de traballo. O finiquito.	12	13
6	A Seguridade Social e as prestacións	Estructura da Seguridade Social. Obrigas das empresas. Cotizacións e prestacións da Seguridade Social. O Desemprego	12	13
7	A carreira profesional e a empregabilidade	Coñecemento persoal e procura de itinerarios formativos e profesionais. Análise das habilidades e competencias necesarias para conseguir un emprego de calidade.	9	8

4. Por cada unidade didáctica

4.1.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
1	A prevención de riscos laborais: conceptos básicos, normativa e xestión na empresa.	25



4.1.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA1 - Adquire as competencias necesarias para o desempeño das funcións de nivel básico en prevención de riscos laborais consonte o establecido na normativa de prevención de riscos laborais vixente	NO

4.1.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación
CA1.1 Valorouse a importancia da cultura preventiva en todos os ámbitos e as actividades da empresa ou do organismo equiparado, relacionando as condicións laborais coa saúde da persoa traballadora, e identificando e clasificando os factores de risco na actividade e os danos derivados destes, especialmente as situacións de risco máis habituais nas contornas de traballo do sector profesional relacionado co título
CA1.5 Determináronse os principais dereitos e deberes en materia de prevención de riscos laborais
CA1.6 Clasificáronse as formas de xestión da prevención na empresa ou no organismo equiparado, en función dos criterios establecidos na normativa sobre prevención de riscos laborais, e determináronse as formas de representación das persoas traballadoras na empresa ou no organismo equiparado en materia de prevención de riscos
CA1.7 Valorouse a importancia da existencia dun plan preventivo na empresa ou no organismo equiparado que inclúa a secuencia de actuacións para realizar en caso de emerxencia, e reflexionouse sobre o contido deste

4.1.e) Contidos

Contidos
Tipoloxía dos danos: patoloxías específicas (accidentes de traballo e doenzas profesionais) e outras patoloxías relacionadas cos riscos psicosociais (estrés laboral, acoso e outras formas de violencia laboral, fatiga etc.).
0Actuación responsable no desenvolvemento do traballo para evitar situacións de risco na súa contorna laboral.
Protección de persoas traballadoras en especiais situacións de vulnerabilidade (menores, maternidade e persoas especialmente sensibles a determinados riscos).
Xestión da prevención na empresa: funcións e responsabilidades.
Planificación da prevención de riscos na empresa ou no organismo equiparado: contido mínimo dun plan de prevención.
0Análise das condicións e dos límites da vixilancia da saúde na empresa, e das repercusións dos resultados dos recoñecementos médicos na relación laboral.
Conceptos básicos de seguridade e saúde laboral.
Órganos de representación e participación das persoas traballadoras na prevención de riscos laborais.
Organismos estatais e autonómicos relacionados coa prevención de riscos.



Contidos
Marco normativo. Actuación en caso de risco grave e inminente. Análise dos dereitos e das obrigas das persoas traballadoras e empresarias en materia de prevención de riscos laborais. Relación entre traballo e saúde.

4.2.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
2	A prevención de riscos laborais: factores de risco e a súa avaliación, medidas de prevención e protección e actuación fronte a emerxencias.	25

4.2.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA1 - Adquire as competencias necesarias para o desempeño das funcións de nivel básico en prevención de riscos laborais consonte o establecido na normativa de prevención de riscos laborais vixente	NO

4.2.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación
CA1.2 Clasifícanse e describíronse os tipos de danos profesionais relacionados co perfil profesional do título, con especial referencia a accidentes de traballo e doenzas profesionais
CA1.3 Determinouse a avaliación de riscos na empresa ou no organismo equiparado e definíronse as técnicas de prevención e de protección que deben aplicarse para evitar os danos na súa orixe e minimizar as súas consecuencias
CA1.4 Analizáronse os protocolos de actuación en caso de emerxencia
CA1.8 Determináronse os requisitos e as condicións para a vixilancia da saúde da persoa traballadora e a súa importancia como medida de prevención
CA1.9 Identifícanse as técnicas básicas de primeiros auxilios que se deben aplicar no lugar do accidente ante distintos tipos de danos, así como a composición e o uso da caixa de primeiros auxilios



4.2.e) Contidos

Contidos
Actuación responsable en situacións de emerxencia e primeiros auxilios. Análise dos factores de risco derivados das condicións de seguridade, ambientais, ergonómicas e psicosociais na empresa ou no organismo equiparado do sector produtivo do ciclo formativo. Obrigas das empresas ou os organismos equiparados ante as emerxencias. Protocolo de actuación ante unha situación de emerxencia. Aplicación das principais técnicas de primeiros auxilios. Determinación dos danos á saúde da persoa traballadora que poden derivar das condicións de traballo e dos factores de risco detectados. Protocolos de actuación ante diversas situacións de emerxencia na empresa. Composición da caixa de primeiros auxilios. Plan de emerxencia e evacuación en contornas de traballo. Principais técnicas de prevención. Medidas de protección individual e colectiva: equipamentos de protección individual e sinalización de seguridade.

4.3.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
3	A relación laboral. Modalidades de contratación	12

4.3.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA4 - Analiza as súas condicións laborais como persoa traballadora por conta allea e identifícaa nos principais tipos de cambios e vicisitudes relevantes que se poden presentar na relación laboral, na normativa laboral e especialmente no convenio colectivo do sector	NO



4.3.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación
CA4.1 Analizáronse as obrigas e os dereitos derivados da relación laboral, así como as condicións de traballo pactadas nun convenio colectivo aplicable ao sector profesional relacionado co título
CA4.2 Comparáronse as principais modalidades de contratación, e localizáronse os modelos nas fontes oficiais
CA4.3 Identifícaronse as características definitorias das novas contornas de organización do traballo e os dereitos que levan consigo

4.3.e) Contidos

Contidos
Análise das principais condicións de traballo: clasificación e promoción profesional, tempo de traballo, retribución etc. Dereito do traballo. Dereitos e deberes derivados da relación laboral. Modalidades de contrato de traballo e medidas de fomento da contratación. Elementos, características e requisitos de formalización do contrato de traballo. Análise da relación laboral individual.

4.4.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
4	O tempo de traballo e a súa remuneración	12

4.4.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA4 - Analiza as súas condicións laborais como persoa traballadora por conta aliea e identifícaa nos principais tipos de cambios e vicisitudes relevantes que se poden presentar na relación laboral, na normativa laboral e especialmente no convenio colectivo do sector	NO



4.4.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación
CA4.4 Identifícanse os compoñentes do recibo de salario

4.4.e) Contidos

Contidos
Análise do recibo de salario e das súas partes. Representación das persoas traballadoras na empresa. Conflitos colectivos na empresa. Novas contornas na organización do traballo e as súas implicacións nas relacións laborais. Sindicatos de traballadores e traballadoras, e asociacións empresariais. Análise dun convenio colectivo aplicable ao ámbito profesional da titulación. Retos laborais derivados da contorna dixital.

4.5.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
5	Modificación, suspensión e extinción da relación laboral	12

4.5.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA4 - Analiza as súas condicións laborais como persoa traballadora por conta allea e identifícaa nos principais tipos de cambios e vicisitudes relevantes que se poden presentar na relación laboral, na normativa laboral e especialmente no convenio colectivo do sector	NO



4.5.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación
CA4.7 Analizáronse as principais prestacións derivadas da extinción da relación laboral

4.5.e) Contidos

Contidos
Modificación, suspensión e extinción do contrato de traballo.

4.6.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
6	A Seguridade Social e as prestacións	12

4.6.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA4 - Analiza as súas condicións laborais como persoa traballadora por conta allea e identificaas nos principais tipos de cambios e vicisitudes relevantes que se poden presentar na relación laboral, na normativa laboral e especialmente no convenio colectivo do sector	NO

4.6.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación
CA4.5 Identifícaronse os recursos laborais existentes ante as vicisitudes que se poden dar na relación laboral
CA4.6 Analizouse o papel da Seguridade Social como pilar esencial para a mellora da calidade de vida da cidadanía



4.6.e) Contidos

Contidos
0Estrutura do sistema de Seguridade Social. Prestacións contributivas da Seguridade Social (incapacidade temporal e permanente, nacemento de fillos e fillas, morte e supervivencia, e xubilación). Protección por desemprego: requisitos e trámites. Cálculo da prestación. Determinación das principais obrigas das persoas empresarias e das traballadoras en materia de seguridade social. Seguridade Social e estado do benestar.

4.7.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
7	A carreira profesional e a empregabilidade	9

4.7.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA1 - Distingue as características do sector produtivo e define os postos de traballo, relacionándoos coas competencias profesionais expresadas no título	SI
RA2 - Analiza e avalía o seu potencial profesional e os seus intereses para se guiar no proceso de autoorientación, e elabora unha folla de ruta para a inserción profesional con base na análise das competencias, os intereses e as destrezas persoais	SI
RA3 - Aplica as estratexias para a aprendizaxe autónoma recoñecendo o seu valor profesionalizador, deseñando e optimizando a súa propia contorna de aprendizaxe con uso das tecnoloxías dixitais como ferramentas de aprendizaxe autónoma, sendo coherente coa súa identidade dixital e cos seus propios obxectivos profesionais, expostos no seu plan de desenvolvemento individual	SI

4.7.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación
CA1.1 Analizáronse as principais oportunidades de emprego e de inserción laboral no sector profesional, identificando as posibilidades de emprego e analizado os seus requisitos actuais para o perfil profesional
CA1.2 Comparáronse os requisitos esixidos polo mercado laboral coas esixencias para o traballo na función pública relacionados co sector privado
CA1.3 Reflexionouse sobre as actitudes e as aptitudes requiridas actualmente para a actividade profesional relacionadas co título, así como as competencias persoais e sociais máis relevantes para o sector, identificando a zona de desenvolvemento próximo



Criterios de avaliación
CA2.1 Avaliáronse as motivacións, as habilidades, as destrezas e os intereses propios no marco dun proceso de autococoñecemento
CA2.2 Analizáronse as calidades e as competencias persoais afíns á actividade profesional relacionada co perfil do título
CA2.3 Determináronse as competencias persoais e sociais con valor para o emprego
CA2.4 Sinaláronse as preferencias profesionais, os intereses e as metas no marco dun proxecto profesional
CA2.5 Valorouse o concepto de autoestima no proceso de procura de emprego
CA2.6 Identificáronse as fortalezas, as debilidades, as ameazas e as oportunidades propias para a inserción profesional
CA2.7 Identificáronse expectativas de futuro para inserción profesional analizando competencias, intereses e destrezas persoais
CA2.8 Valoráronse fitos importantes na traxectoria vital con valor profesionalizador
CA2.9 Identificáronse os itinerarios formativos profesionais relacionados co perfil profesional
CA2.10 Formuláronse obxectivos profesionais e determináronse metas persoais e profesionais para a mellora da empregabilidade e as condicións de inserción laboral
CA2.11 Trazouse un plan de acción para desenvolver as áreas de mellora e potenciar as fortalezas persoais con valor para o emprego
CA3.1 Tomouse conciencia da responsabilidade individual no desenvolvemento profesional, valorando a actitude de aprendizaxe permanente para o desenvolvemento das propias e das novas competencias
CA3.2 Identificouse a empregabilidade como capacidade de adaptación á contorna laboral
CA3.3 Coñecéronse e utilizáronse ferramentas, fontes de información, conexións e actividades para a configuración dunha contorna persoal de aprendizaxe para a empregabilidade
CA3.4 Púxose en práctica a competencia dixital para configurar unha contorna persoal de aprendizaxe para a empregabilidade
CA3.5 Analizouse o concepto de identidade dixital e o seu impacto na empregabilidade
CA3.6 Xustificouse o deseño da súa contorna de aprendizaxe baseada en como esta mellora a empregabilidade
CA3.7 Elaborouse o seu plan de desenvolvemento individual como ferramenta para a mellora da empregabilidade



Criterios de avaliación
CA3.8 Aplicáronse as ferramentas de aprendizaxe autónoma para o seu desenvolvemento persoal e profesional
CA3.9 Deseñouse a contorna de aprendizaxe que permite alcanzar o plan de desenvolvemento individual

4.7.e) Contidos

Contidos
Competencias persoais e sociais máis demandadas no mercado laboral actual.
Traballo por conta allea e traballo por conta propia.
Traballo na Administración pública.
Análise das competencias profesionais e requisitos para o ingreso na Administración pública
Tendencias do mercado laboral e oportunidades emerxentes.
Intelixencia artificial e automatización no mercado laboral e no sector profesional do título do ciclo formativo.
Análise do sector profesional do título do ciclo formativo. Situación laboral actual e futura.
Identificación e descrición dos postos de traballo relacionados co perfil profesional do título: características, funcións, competencias, formación, actitudes e aptitudes requiridas.
Habilidades de organización e xestión.
Información sobre a estrutura do sistema educativo.
Itinerarios académicos: información sobre as opcións para cursar na formación profesional, noutros estudos postobrigatorios e nos estudos superiores.
Autoanálise e toma de decisións académicas e profesionais.
Conflicto: concepto, causas, tipos e resolución. Negociación.
Aspiracións e metas: definición de obxectivos profesionais.
Identificación e análise dos itinerarios formativos profesionais relacionados co título do ciclo formativo.
A formación permanente na traxectoria laboral e profesional como factor clave para a adaptación ao cambio.



Contidos
Equipos de traballo. Importancia do traballo colaborativo. Liderado como trazo da personalidade. Servizos de orientación académica. Programas, oportunidades e axudas para a formación. Habilidades sociais e habilidades de comunicación. Autocoñecemento, autonomía persoal e autopercepción. Oportunidades de formación e emprego en Europa. Capacidade autocrítica. Iniciativa persoal. Pensamento creativo. Autoestima: confianza, perseveranza e seguridade nun mesmo. Estratexias para superar as eivas de comunicación. Autoanálise e avaliación do potencial profesional en relación cos requisitos actuais do perfil profesional do título. DAFO persoal. Ferramentas dixitais na interacción cos demais. Networking. Identificación e autoanálise de intereses, capacidades, motivacións, aptitudes, fortalezas e debilidades persoais para o proxecto profesional ao que se aspire. Axudas e recursos para superar carencias e afrontar retos persoais: probas obxectivas e tests psicométricos. Necesidade dunha avaliación periódica do progreso. Xestión de identidades dixitais: persoal e profesional. Riscos derivados dunha xestión inadecuada. Protección de datos persoais e identidade dixital. Importancia do plan como ferramenta para maximizar o potencial e o desenvolvemento persoal e profesional. Contorna de aprendizaxe para a empregabilidade. Identificación e análise das necesidades persoais de aprendizaxe para a empregabilidade. Concepto. Relevancia para a empregabilidade.. Ferramentas e fontes de información e formación: cursos en liña ou webinarios; libros, blogs; plataformas, aplicacións móbiles; certificacións en liña; grupos de discusión. Pegada e reputación dixital.



Contidos
Rede persoal de aprendizaxe: redes sociais, profesionais e de comunicación. Deseño dunha contorna persoal de aprendizaxe para o desenvolvemento persoal e profesional. Concepto e características.

5. Mínimos exixibles para alcanzar a avaliación positiva e os criterios de cualificación

5.1 Mínimos exixibles

A avaliación da aprendizaxe ten como finalidade determinar en que medida foron logrados os resultados de aprendizaxe (RA). Os RA están divididos en Criterios de Avaliación (CA). Para comprobar se o alumnado alcanzou os RA, utilizamos os CA, que nos indican a profundidade coa que temos que traballar os contidos para que eses RA sexan alcanzados.

Os CA divídense entre mínimo exixible e mínimo non exixible. Que un criterio sexa mínimo ou non, dependerá do criterio do docente. Esta diferenza entre CAs será indicado en cada Unidade Didáctica:

- Os mínimos exixibles, deben de ser considerados como as aprendizaxes imprescindibles que debe adquirir o alumnado para conseguir o correspondente RA. O peso da unidade debe recaer nestes mínimos exixibles, polo que a suma dos seus pesos debe ser igual o superior ao 50%.
- Os mínimos non exixibles, complementaran os coñecementos da unidade

5.2 Criterios de cualificación

EXAMES:

Ademais dos controis de seguimento da avaliación continua, en cada avaliación realizaranse un ou varios exames escritos. O profesorado indicará con antelación as datas, hora e lugar. Procurarase non modificar as datas, e de ter que facelo o profesor avisará na aula cunha antelación non inferior a 48 horas.

As probas escritas serán realizadas sobre cada unidade didáctica, podendo facerse varias unidades de forma conxunta no mesmo exame.

Constarán de varias preguntas curtas, cuestións de verdadeiro e falso, preguntas longas a desenvolver e realización supostos prácticos. O número de preguntas poderá variar dun a outro exame.

Os exames serán cualificados sobre 10 puntos e cada pregunta terá o valor que se indique na proba, de non indicarse terán todas o mesmo valor.

En todo caso, a cualificación mínima para superar cada proba ou traballo será de 5 puntos.

CUALIFICACIÓN DA AVALIACIÓN:

A cualificación da avaliación farase aplicando a media ponderada dos exames realizados, e tendo en conta o peso de cada UD na Cualificación Final do Módulo.

CUALIFICACIÓN FINAL DO MÓDULO (CF):

CF será a cualificación final do módulo que virá dado polo peso de cada unidade didáctica:

0,20 UD1+0,20 UD2+0,13 UD3+0,13 UD4+0,13 UD5+0,13 UD6+0,08 UD7



NOTAS:

1. Para a superación do módulo compre ter tódalas avaliacións superadas.
 2. Os alumnos que non teñan todas as avaliacións superadas deberán realizar o exame final para superar o módulo e, aqueles que teñan perdido o dereito de avaliación continua realizarán o Exame Extraordinario para a cualificación do módulo.
 3. A superación da UF 2 non implicará a superación da UF 1, debendo estar ambas avaliadas positivamente para acadar a avaliación positiva do módulo de IPE I, conforme á lexislación vixente. Na realización das probas obxectivas queda prohibido o emprego de teléfonos móbiles, tabletas ou calquera dispositivo de comunicación do alumnado co exterior. Sen prexuízo das medidas disciplinarias axeitadas, aqueles alumnos/as que incorresen en calquera tipo de fraude nas probas obxectivas, fose sorprendido copiando ou utilizando materiais non autorizados na realización das probas, será cualificado como cero e non terá dereito á repetición da proba.
- Non serán cualificadas aquelas actividades e traballos presentados fora do prazo (salvo casos excepcionais de forza maior apreciados polo docente) e por vía distinta á indicada polo docente para cada tarefa.

6. Procedemento para a recuperación das partes non superadas

6.a) Procedemento para definir as actividades de recuperación

Cando unha persoa non aprobe un RA (ou máis) deberá recuperalos. As razóns da non superación dos RA poden ser:

- Non ter superado un (o máis) criterios de avaliación mínimos nunha unidade didáctica.
- Non ter superado a unidade ao non obter unha cualificación de 5 puntos.

En ámbolos casos, o docente determinará un plan específico para a súa recuperación. Este plan virá determinado polo/s criterio/s de avaliación suspensos e porá consistir:

- Se é un mínimo exixible, na realización dunha proba escrita (teórica ou práctica)
- Se é un mínimo non exixible, poderá ser a visualización dun vídeo con preguntas intercaladas nel, na repetición dun exercicio mal realizado, na entrega de novas actividades con distintas tarefas de reforzo...

Estas novas actividades de recuperación, poderán ser avaliadas independentemente do instrumento establecido con anterioridade, é dicir, un criterio avaliado primeiramente cunha táboa de observación, poderá ser avaliado para a súa recuperación a través dunha proba escrita.

Para ter por recuperado o RA ou os RA suspensos, o alumnado terá que obter unha puntuación igual ou superior a 5 nos mínimos exixibles non superados ou na/s unidade/s didáctica/s suspensas.

Durante o período de recuperación de xuño asignaráselle actividades de recuperación e repasaranse os resultados de aprendizaxe non acadados e os conceptos non asimilados.

6.b) Procedemento para definir a proba de avaliación extraordinaria para o alumnado con perda de dereito a avaliación continua

A orde de 12 de xullo de 2011, establece no seu artigo 25.5 o dereito, por parte do alumnado que perdese a avaliación continua, a realizar unha proba extraordinaria previa á avaliación final dos módulos correspondentes.



A maiores, a resolución do 27 de xullo de 2015, pola que se ditan instrucións para o desenvolvemento dos ciclos formativos de formación profesional do sistema educativo, establece no seu artigo 3, que o número de faltas que implica a perda da avaliación continua nun determinado módulo, será do 10% respecto da súa duración total. Para os efectos da determinación da perda do dereito a avaliación continua, o profesorado valorará as circunstancias persoais e laborais do alumnado na xustificación de faltas, cuxa aceptación será acorde ao establecido no correspondente regulamento de réxime interno do centro (tamén denominadas como normas de organización e funcionamento (NOF))

A avaliación extraordinaria, consistirá en :

1. Realización dunha proba escrita, onde se avaliarán os contidos traballados durante o curso, independentemente de que teñan un desenvolvemento teórico ou práctico. Poderá comprender preguntas tipo test , de resposta curta, de resposta longa ou problemas.

Para aprobar o módulo, o alumnado deberá superar o exame exposto no parágrafo anterior (que estará baseado nos mínimos exixibles establecidos na programación).

Para realizar a proba, o alumnado deberá levar un bolígrafo azul ou negro e unha calculadora non programable (para a parte práctica).

7. Procedemento sobre o seguimento da programación e a avaliación da propia práctica docente

A programación será obxecto de seguimento durante o ano académico. Desta forma, modificaranse aqueles aspectos que tras a súa posta en práctica, non sexan adecuados para o alcance dos RA por parte do alumnado.

O seguimento da programación por parte do docente realizarase ao final de cada unidade(ou mensualmente no caso de unidades superiores a esta medida temporal), reflectindo as variacións realizadas respecto á programación orixinal, na aplicación informática disposta pola administración. Estas variacións serán tidas en conta para as programacións dos próximos cursos, tanto para a súa mellora, como para a práctica docente. A maiores, e como establece o artigo 23.5 da orde de 12 de xullo de 2011, cada departamento realizará cunha frecuencia mínima mensual, o seguimento das programacións de cada módulo, e reflectirá na acta de devandita reunión, o grao de cumprimento con respecto á programación inicial, e a xustificación razoada en caso de desviacións.

Por outra banda, na avaliación da propia práctica docente serán tidos en consideración os resultados das enquisas que a administración realiza ao alumnado sobre o docente e a súa práctica como tal.

Algúns dos aspectos que o profesor deberá considerar na autoavaliación da práctica docente son:

- Organización e coordinación co profesorado do ciclo formativo.
- Adecuación do grao de dificultade das actividades ás características do alumnado.
- Grao de motivación dos alumnos nas actividades propostas polo profesor.
- Planificación de tarefas: distribución e dotación de medios e tempos.
- Ambiente de traballo: relación entre os alumnos e entre alumnado e profesor.
- TICs: uso e manexo por parte do alumnado e do profesor.
- Habilidades de comunicación verbal e non verbal na transmisión dos contidos.
- Claridade na presentación dos contidos nos medios audiovisuais empregados.



8. Medidas de atención á diversidade

8.a) Procedemento para a realización da avaliación inicial

Tal e como se establece na Orde do 12 de xullo de 2011, no artigo 28 ao comezo das actividades do curso académico, o equipo docente realizará unha sesión de avaliación inicial do alumnado, que terá por obxecto coñecer as características e a formación previa de cada alumno e de cada alumna, así como as súas capacidades. Nesta xuntanza a persoa titora informará sobre as características xerais do grupo e sobre as circunstancias especificamente académicas ou persoais, con incidencia educativa, do alumnado que o compón.

Ademais, a persoa responsable de orientación aportará a información que corresponda, de ser o caso, sobre alumnado de necesidades específicas de apoio educativo que exista no grupo.

No que se refire a este módulo, durante os primeiros días de clase o alumnado realizará un cuestionario individual no que deberá responder a preguntas sobre: expectativas respecto ao ciclo e ao módulo, conceptos básicos, análise dalgún contido, etc. Esta avaliación é meramente informativa e servirá para determinar o punto de partida do alumnado e as súas necesidades formativas a nivel individual.

8.b) Medidas de reforzo educativo para o alumnado que non responda globalmente aos obxectivos programados

De acordo co sinalado no Decreto 229/2011, por atención á diversidade se entende o conxunto de medidas e accións que teñen como finalidade adecuar a resposta educativa ás diferentes características e necesidades, ritmos e estilos de aprendizaxe, motivacións, intereses e situación sociais e culturais de todo o alumnado (art. 3). Esta resposta educativa deberá rexerse polos principios de:

- Normalización e inclusión.
- Equidade, igualdade de oportunidades e non discriminación.
- Flexibilidade e accesibilidade.
- Interculturalidade e promoción da convivencia.
- Autonomía dos centros docentes e participación de toda a comunidade educativa.

Estas medidas poden ser de carácter ordinario ou extraordinario:

As medidas ordinarias permiten adecuar o currículo sen unha alteración significativa dos obxectivos e criterios de avaliación. No caso de Formación Profesional, o carácter continuo da avaliación debe permitir a detección precoz das posibles dificultades na adquisición dos contidos por parte do alumnado e, en consecuencia, promover a identificación dos aspectos do proceso que provocan estas dificultades e a adopción das medidas oportunas. Cando a análise da marcha dun estudante determine dificultades para o seguimento, darase un reforzo educativo personalizado, determinando aqueles contidos nos que ten máis dificultades, proponendo traballos e actividades de reforzo que lle permitan acadar as capacidades terminais asociados aos contidos mínimos propostos nesta programación didáctica. Ademais, empregaremos metodoloxías que promovan a atención á diversidade. Por outra banda, empregaremos actividades de ensino-aprendizaxe variadas e, de ser posible, con diferente nivel de dificultade. Utilizaranse recursos e materiais variados (gráficos, audiovisuais, Internet) para unha mellor comprensión por parte do alumnado. Inclúiranse actividades de recuperación para aqueles alumnos e alumnas que ao final da secuencia non acaden as capacidades previstas. Do mesmo xeito artéllanse actividades de ampliación, de investigación ou afondamento para aquel alumnado con maior capacidade de aprendizaxe.

As medidas extraordinarias requiren modificacións significativas do currículo ordinario ou, como na FP, cambios esenciais no ámbito organizativo. No caso en que non sexa posible garantir a consecución efectiva dos resultados da aprendizaxe, e as necesidades de apoio específico así o xustifiquen, o equipo docente poderá propoñer a través da titoría e o departamento de Orientación a solicitude de flexibilización modular, tal



como establece a Orde do 12 de xullo de 2011 no seu artigo 15. Esta medida implica cursar o ciclo formativo de xeito fragmentado por módulos, cunha temporalización distinta á establecida con carácter xeral. Deberá ter a conformidade expresa do alumno/a se é maior de idade -dos seus titores legais en caso contrario- e ser presentada ante o servizo de inspección educativa antes do 31 de outubro. No caso do alumno con dificultades específicas teremos en conta as suxestións metodolóxicas aportadas polo departamento de orientación. Co alumnado que presenta condicións de trastorno de espectro autista procuraremos evitarlles sorpresas, anticipando información sobre as actividades especiais ou os cambios de horario. Insistiremos no uso de axendas ou cadernos de organización de actividades, e nos exames, en caso de resultarlles beneficioso e de ser posible, optaremos por probas de preguntas cortas ou tipo test. Por outra banda, nos remitiremos ás suxestións e protocolos recollidos en Educonvive (Educonvives.gal) sobre convivencia e igualdade.

9. Aspectos transversais

9.a) Programación da educación en valores

O artigo 121 da LOMCE establece o Proxecto educativo de centro e marca as liñas de contido que debe de seguir. Ademais o artigo 1.3.c, establece como principios do sistema educativo español:

c) A transmisión e posta en práctica de valores que favorezan a liberdade persoal, a responsabilidade, a cidadanía democrática, a solidariedade, a tolerancia, a igualdade, o respecto e a xustiza, así como que axuden a superar calquera tipo de discriminación.

Con esta referencia legal, debemos programar unha serie de temas e contidos a traballar de forma transversal a medida que imos abordando os distintos bloques de contidos do módulo. Desta maneira, procuraremos destacar uns determinados valores de forma simultánea á transmisión de coñecementos. Prestarase especial atención á celebración da Constitución, o Día 1º de Maio, Día do Consumidor, Saúde, Europa, Medio Ambiente e Letras Galegas.

Algúns deses valores deberán ser transmitidos de maneira transversal:

-Educación ambiental, relacionada co bloque de contidos de saúde laboral (factores de risco físicos, químicos, biolóxicos) xa que é preciso sensibilizar ao alumnado respecto á necesidade de empregar materiais e sistemas inocuos, de cara a favorecer unha protección do medio e un aumento nos niveis de calidade e seguridade.

-Educación na Prevención de Accidentes, vinculado co bloque de sinalización e prevención de accidentes de traballo. Aproveitarei este contido curricular para facer énfase na importancia de previr accidentes de todo tipo, non soamente laborais senón tamén domésticos e de tráfico.

-Educación para a Saúde, presente en todo o bloque de saúde laboral, especialmente nos temas de prevención de riscos e tamén no de primeiros auxilios. De novo, extrapolaremos este contido á vida non laboral: importancia dunha dieta sa e equilibrada, valoración positiva do exercicio físico e do deporte, potenciación da protección ante as enfermidades de transmisión sexual, embarazos non desexados, tabaquismo, etc.

-Igualdade de oportunidades / Rexeitamento do machismo / Multiculturalidade, a igualdade no acceso ao emprego é un contido curricular do módulo. Sen embargo, débese fomentar unha posición actitudinal adecuada, ao longo de todo o curso transmitindo a importancia de respectar ao outro con independencia da súa orixe, sexo, raza, orientación sexual, ideoloxía, relixión, etc. Así como valorar a diversidade cultural e humana como fonte de riqueza e non de conflito.



9.b) Actividades complementarias e extraescolares

O Decreto 8/2015, de 8 de xaneiro, polo que se desenvolve a Lei 4/2011, de 30 de xuño, de convivencia e participación da comunidade educativa en materia de convivencia escolar, sinala no seu artigo 15 a realización de actuacións, medidas e programas favorecedores dunha convivencia de calidade, entre as que se poden desenvolver para favorecer a convivencia as actividades complementarias e extraescolares. Á marxe das actividades de ensino-aprendizaxe deseñadas para cada unha das unidades didácticas, poderanse realizar actividades complementarias e extraescolares ao longo do curso. A intención de programar este tipo de actividades no módulo de IPE I é completar a formación do alumnado, achegándonos á realidade social, escoitando outras voces á marxe da do profesor, coñecendo de primeira man os recursos cos que contarán como traballadores ou desempregados, etc. A continuación defínense ambos tipos de actividades, enumerando algunhas das que poden ser programadas polo departamento para ser levadas a cabo durante o curso escolar:

- Actividades complementarias: realízanse co alumnado en horario lectivo e, formando parte da programación, teñen un carácter diferenciado polo momento, espazo ou recursos que utilizan.

1. Charla-coloquio e práctica sobre técnicas de primeiros auxilios: actividade complementaria aos temas de saúde laboral. Ten por obxecto que un profesional de enfermería/ membro de Protección Civil, Cruz Vermella ou similar dea unha charla teórica/práctica sobre as distintas técnicas de primeiros auxilios (transporte de accidentados, como inmovilizar a unha persoa cunha fractura, como actuar ante unha queimadura, actuación ante un conato de afogamento por obstrución dun obxecto). O alumnado participará activamente nas actividades que propoña o experto.

2. Charlas-coloquio de expertos, sobre ETTs, Mutuas de AT e EP, Actuación da Inspección de Traballo, para dar a coñecer ao alumnado as súas funcións e proceso de actuación.

3. Simulacro de evacuación do CIFP: esta actividade é extensible a toda a comunidade educativa do instituto, coa colaboración da Dirección do centro onde se solicitará apoio a Protección Civil, Policía Municipal, Bombeiros e Centro de saúde máis próximo. O obxectivo desta actividade é deseñar un plan de emerxencia e evacuación para unha pequena ou mediana empresa do sector de actividade do título, e posteriormente poñelo en práctica no instituto

4. Cine fórum: visionado de películas como ferramenta de aprendizaxe. O alumnado deberá cubrir un cuestionario con varios temas de reflexión unha vez remata a película. Tamén dará lugar ao debate e a posta en común de ideas. É unha actividade adecuada para levar a cabo tras as sesións de avaliación de cada trimestre. Exemplos de películas que poderíamos proxectar: Lunes al sol, El diablo se viste de Prada...

- Actividades extraescolares: son aquelas organizadas polo centro, que deben figurar na programación xeral anual, e que se realizan fóra de horario lectivo e de forma voluntaria.

1. Visita aos Xulgados do Social de Vigo: trátase de coñecer as instalacións e asistir a algún xuízo no que se diriman asuntos relacionados coas unidades do módulo, como poden ser: despedimentos, determinación da relación laboral, accidente de traballo,...

2. Feiras de Emprego e Orientación Laboral, na comunidade galega ou fóra dela, sempre que sexan organizadas polos departamentos das familias profesionais, que poidan asumir os custos.

10.Outros apartados

10.1) Comunicación da programación

O alumnado recibirá unha explicación polo miúdo sobre a programación, en concreto explicaranse os seguintes puntos: concreción do currículo, relación e secuencia de UD's, criterios de cualificación e procedemento para a recuperación.

Esta explicación farase o primeiro día de clase. A continuación asinarán un documento onde se indica o seguinte:

"O alumnado que asina a continuación confirma que foi correctamente informado dos contidos que se traballarán no módulo no presente curso, así como de como será avaliado, tanto en avaliación continua coma



ANEXO XIII
MODELO DE PROGRAMACIÓN DE MÓDULOS PROFESIONAIS

con perda do dereito de avaliación continua, e que se lle resolveron as dúbidas que sobre a programación lle manifestou ao profesorado"

Sobre a publicidade da programación, indícase no mesmo documetno o seguinte:

"O alumnado é informado de que ten acceso á programación do curso na aula virtual"

A programación cólgase na aula virtual do alumnado en versión alumno/a en formato .pdf

Ao longo do curso resolveranse todas as dúbidas que en momentos concretos poida ter o alumnado sobre a mesma.